



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Decreto de nomeamento de arquitecto técnico interino no Concello de Cee

RESOLUCIÓN

ASUNTO: DECRETO NOMEAMENTO ARQUITECTO técnico INTERINO NO CONCELLO DE CEE (2021)

EXPEDIENTE DECRETO: 2021/G003/001268

ANTECEDENTES:

Visto o decreto de alcaldía nº 866/2021 de data 27/08/2021, pola que se aproban as Bases procedemento selección, polo sistema de concurso oposición, para arquitecto/a técnico/a (funcionario/a interino/a) e posterior formación dunha bolsa de traballo

Considerando que por decreto Nº:1149/2021 de data 12/11/2021 apróbase a “Lista definitiva, formación de bolsa e requirimento de documentación ao candidato proposto para arquitecto técnico (funcionario/a interino/a)” e requírese ao primeiro candidato/a por orde de puntuación para que aporte a documentación establecida nas bases da convocatoria.

Considerando que con data 15/11/2021 (Oficina central de rexistro nº rexistro 2021-E-RC-11460) o candidato/a aporta a documentación solicitada.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º- Nomear a DANIEL PENAS LÓPEZ (DNI ***5191**) para ocupar unha praza de arquitecto técnico, funcionario interino, encadrada na Escala de Administración Especial, Subescala: Técnica, clasificada no Grupo A, Subgrupo: A2, nivel 24.

2º- O aspirante nomeado deberá tomar posesión dentro do prazo dun mes, contado desde a publicación do seu nomeamento no DOG, de conformidade co previsto no art. 60 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia; de non facelo sen mediar causa xustificada, será declarado en situación de cesante e decaído no seu dereito ao nomeamento.

3º- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, dentro do prazo de UN MES, ou ben impugnala directamente perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa dentro do prazo de DOUS MESES, contados desde o día seguinte á súa notificación, todo iso de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo, poderá interpoñer o recurso extraordinario de revisión en vía administrativa, perante o mesmo órgano que o ditou, polos motivos e no prazo previsto no artigo 125 da Lei 39/2015”.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, 16 de novembro de 2021.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

2021/8143